

ACORDOS
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 9 DE XUÑO DE 2016

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12.00 horas, do día nove de xuño de dous mil dezaseis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. José Manuel Cancela Cancela

Non asiste:

D. Amadeo Cancela Fariña

Secretaria:

D^a. Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

1. APROBACION DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-
2. ESCRITOS VARIOS.-
3. COMUNICACION PREVIA DE OBRAS.-
4. ESCRITOS VECIÑOS.-
5. APROBACION DE FACTURAS.-
6. SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.-
7. APROBACION DE CERTIFICACIÓN DE OBRA.-
9. INFORMACION DA ALCALDIA.-
10. ROGOS E PREGUNTAS .-

1. APROBACION DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

É aprobada a acta nº 11/2016 que tivo lugar o 26.05.2016

2. ESCRITOS VARIOS.-

- Recíbese escrito do Centro de ensino Silsán solicitando o uso do local social de Cabaleiros para impartir un curso de informática.
Acordos adoptados:
Non autorizar a utilización deste.
- Recíbese escrito da Consellería de Política Social con número de rexistro de entrada 696, comunicando o pagamento do primeiro anticipo correspondente ao financiamento básico dos Servizos Sociais comunitarios por un importe de 15013,00€. A Xunta de Goberno Local dase por enterada .

- Recíbese escrito da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio número rexistro de entrada 752, en relación a comunicación do cronograma de pago da fase de aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal por un importe de 14.892,16€.
A Xunta de Goberno Local dase por enterada.
- Recíbese escrito do presidente do Tecor Monte Castelo con matrícula C-10 1 9 1 solicitando permiso para utilizar o antigo campo de fútbol de Monte Castelo co fin de realizar un recorrido de caza os días 18 e 19 de xuño do presente ano.
Acordos adoptados:
Autorizar dita recorrido .

3. COMUNICACION PREVIA DE OBRAS.-

Non se presentan.

4. ESCRITOS VECIÑOS.-

Recíbese escrito das seguintes persoas:

- M.N.P.P., veciña da parroquia de Rodís do termino municipal de Cerceda
- E.R.G., veciño da parroquia de Tordoia deste termino municipal
- J.L.B., veciña da parroquia de Tordoia deste termino municipal

COMUNICANDO que pola veciña dona L.F.P. fixo unha construción que invade o camiño das leiras da fonte, e solicita que se repoña a legalidade.

Acordos adoptados:

Que se realice un informe pola Policía Local e polos servizos Técnicos municipais informando si este camiño existe no inventario.

5. APROBACION DE FACTURAS.-

Son aprobadas e ordenase o pago con cargo á partida correspondente do vixente orzamento.

Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Registro
2016.1532.61900	50.209,49€	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	F/2016 /793
2016.323.21200	1.851,11€	TECNOSOS GALICIA, S.L.	F/2016/820
2016.341.22609	2.055,19€	ESYMAR ARTES GRAFICAS, S.L.	F/2016/828
2016.170.21300	1.911,8€	REMOLQUES GONZALEZ, S.L.	F/2016/837
2016.170.21300	4.428,6€	MAQUINARIA AGRICOLA CANCELA, S.L.	F/2016/857

6. SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.-

Vista a solicitude de dona P.N.V. con domicilio na parroquia de Leobalde deste termino municipal, polo que solicita tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Visto o procedemento que regula o artigo 5 da vixente ordenanza municipal de expedición destas tarxetas

Acordos adoptados:

Informar favorablemente a petición e que se lle emita a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, conforme a normativa vixente

7. APROBACION DE CERTIFICACIÓN DE OBRA.- 9- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-

É vista e informada favorablemente nos propios termos da súa redacción, a certificación nº 2 do convenio Deputación -Concello, sendo a obra " Sobreanchos camiño da Balsa-Aboi e Outros", por importe de 50.209,49.- €, emitida polo técnico director don J.C.R.M., sendo adxudicataria Obras y Viales de Galicia, S.L.

9. INFORMACIONES DA ALCALDIA.-

Polo señor alcalde ciase conta do seguinte:

1º.-Decreto nº 58/2016 que dí como segue: "SOLICITUDE DUNHA SUBVENCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL DO CONCELLO DE TORDOIA"

10.-ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.